

organización e funcionamento das fundacións de interese galego,

DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación del Complejo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo* (FIDI Xeral-Calde), ao cumprir os seus estatutos as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da *Fundación para la Investigación, Desenvolvemento e Innovación del Complejo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo* (FIDI Xeral-Calde), no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Sanidade, para os efectos constitutivos que sinala o artigo 8 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro.

Terceiro.-A devandita fundación queda sometida ao disposto no resto da normativa de xeral aplicación, en especial, á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, quedando obrigada a renderlle contas anualmente ao protectorado e xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presentarlle o proxecto de orzamento ao protectorado, con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o que se formula e debendo solicitar as preceptivas autorizacións do protectorado cando sexan necesarias.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2006.

M^a José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 1 de marzo de 2006 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as novas bases reguladoras das axudas para o programa Emprendedores.

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión, que tivo lugar o día 2 de febreiro de 2006, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación da nova regulamentación das bases reguladoras das axudas para o programa Emprendedores.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas para o programa Emprendedores e que se anexan a esta resolución.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2006.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego de
Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape
para o programa Emprendedores

O Libro Verde *O Espírito Empresarial en Europa*, define o espírito empresarial como a actitude e o proceso de crear unha actividade económica combinando a asunción de riscos, a creatividade e a innovación cunha xestión sólida nunha organización nova ou nunha xa existente. Coa convicción de que as políticas de promoción económica deben incidir no apoio á creación de empresas e na intraxeración de novos negocios innovadores, o Igape deseña un ambicioso programa de apoio e atención a emprendedores coa ambición de incidir sensiblemente na taxa de actividade emprendedora da Comunidade Autónoma de Galicia e, consecuentemente, contribuír ao crecemento económico e ao desenvolvemento de Galicia.

Así, descendendo nos obxectivos previstos, o Igape pretende afondar nos impulsos e incentivos de cara a:

-Estimular as vocacións empresariais da nosa rexión, especialmente as da xuventude.

-Apoiar os potenciais emprendedores para que desenvolvan as súas iniciativas empresariais de forma rigorosa.

-Coordinar o potencial humano que poida contribuír á creación de empresas e, polo tanto, ao desenvolvemento da nosa rexión.

-Impulsar a posta en marcha de proxectos empresariais innovadores.

-Contribuír, en definitiva, a favorecer a existencia dun maior número de iniciativas empresariais en Galicia.

Para conseguir os obxectivos anteriores, tivéronse en conta diversas consideracións económicas e sociais, entre as que se poden citar:

1. A actividade emprendedora é desenvolvida por persoas e organizacións. É esta a primeira clave; débese incrementar tanto o número de persoas dispostas a emprender como a calidade deste emprendemento. En resposta a esta reflexión incorpóranse ao programa mecanismos variados de difusión e cualificación de emprendedores universais e gratuítos. Deste xeito garántese a toda persoa radicada en Galicia disposta a emprender un soporte cualitativo adecuado á dimensión e características de cada proxecto emprendedor.

2. Un proxecto único require unha resposta única. Ante a diversidade de instrumentos financeiros que poden utilizarse para dar resposta ás necesidades dun

proxecto emprendedor, deben establecerse mecanismos decisorios xerarquizadas que faciliten a posta en marcha dos proxectos emprendedores sen introducir rixideces innecesarias nestes delicados procesos. Así, incrementáanse sensiblemente as posibilidades de compatibilizar as axudas regulamentadas con outros instrumentos financeiros de apoio a proxectos emprendedores e establécese a súa viabilidade como eixe central dos mecanismos decisorios.

3. A innovación como eixe central de proxectos empresariais de risco elevado. Defínense, para iso, mecanismos que permitan obxectivar o grao de innovación dun proxecto e establécense mecanismos de axuda intensivos para proxectos con alto nivel de innovación e, polo tanto, de risco financeiro elevado.

A partir da experiencia adquirida e das reflexións fundamentais anteriormente enunciadas desenvólvese un programa de emprendedores caracterizado como un programa integral de apoio a novos emprendedores e iniciativas marcadamente innovadoras, conformado por un conxunto de accións que cobren as necesidades dos proxectos empresariais nas súas diferentes fases de desenvolvemento, desde a idea de negocio ata a implantación e consolidación das empresas resultantes, ofertando a universalización dos servizos de formación e planificación empresarial para todos os demandantes e ampliando, fronte á situación actual, o apoio potencial a emprendedores en diversas ramas de actividade e para todos aqueles que non puxesen en marcha a actividades que pretenden desenvolver.

Base 1ª.-Obxectivos e procedemento de tramitación.

1.1. É obxectivo prioritario dos apoios regulados nestas bases fomentar a aparición de empresas promovidas por novos emprendedores e de novas iniciativas empresariais de carácter innovador.

1.2. As axudas reguladas nestas bases outorgaranse en réxime de concesión directa por solicitude dos interesados, atendendo ao seu carácter singular polo seu interese público, económico e social derivado da situación relativa da Comunidade Autónoma galega no espectro da UE, ao abeiro do disposto no último parágrafo do punto 1º e no punto 8º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, constituíndo o contido destas bases a súa normativa de aplicación.

1.3. Os apoios concederanse no marco establecido no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142, do 23 de xullo).

Base 2ª.-Tipos de apoio.

Os apoios previstos nestas bases poderán consistir en:

2.1. Apoios orientados a determinar a viabilidade dun proxecto empresarial. O Igape prestará servizos de formación e titorías a potenciais promotores de proxectos.

2.2. Apoios orientados a facilitar a implantación dun proxecto empresarial. Segundo a regulación establecida na base 4ª, o Igape poderá levar a cabo as seguintes actuacións:

2.2.1. Subvencións a fondo perdido sobre os gastos e investimentos considerados subvencionables.

2.2.2. Asesoramento e titorías para a implantación do proxecto empresarial.

2.2.3. Préstamos directos do Igape, en condicións de mercado e suxeitos ao dereito privado, destinados a gastos e investimentos de posta en marcha dun proxecto empresarial, que se axustarán en todo caso á súa normativa reguladora (Decreto 133/2002, do 11 de abril, e a súa normativa de desenvolvemento).

2.3. Apoios orientados á difusión da cultura emprendedora. Segundo a regulación establecida na base 5ª, o Igape poderá outorgar subvencións a fondo perdido a iniciativas en materia de difusión da cultura emprendedora.

Base 3ª.-Apoios orientados a determinar a viabilidade dun proxecto empresarial.

Garánteselles a todas as persoas que teñan intención de crear unha empresa en Galicia o acceso a servizos de formación e orientación que poidan axudar a determinar a viabilidade da idea empresarial e a perfeccionar os coñecementos dos promotores dos proxectos en materia de organización e xestión de empresas. Este acceso terá carácter universal e gratuíto, suxeito tan só ás limitacións impostas polos recursos humanos dispoñibles en cada momento.

Ademais, o Igape realizará, dentro das súas programacións, actividades divulgativas orientadas á difusión da cultura emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de incrementar e universalizar os servizos descritos nesta base.

Con carácter xeral, estes servizos comezarán cunha entrevista co promotor e/ou promotores do proxecto na que, avaliando o grao de maduración do proxecto de empresa e os coñecementos dos promotores en materia de organización e xestión de empresas, recomendaráselles a realización dun determinado itinerario formativo e, segundo o caso, asignaráselles un titor que terá como función fundamental a avaliación do itinerario formativo dos promotores e do grao de maduración do proxecto de empresa.

O itinerario formativo recomendable aos promotores dos proxectos poderá constar dunha combinación de actividades formativas, utilización de ferramentas metodolóxicas e titorías persoais. Pódese encontrar unha descrición das actividades formativas, xunto co seu calendario previsto, e das ferramentas metodolóxicas existentes na páxina web do Igape (www.Igape.es).

Os servizos de formación e titorías poderán ser prestados polo Igape ou por calquera outra entidade, pública ou privada, coa que o Igape acorde a prestación deste tipo de servizos.

Base 4ª.-Apoios orientados a facilitar a implantación dun proxecto empresarial.

4.1. Tipos de proxecto. Nestas bases diferéncianse os requisitos de acceso e a tipoloxía e intensidade dos apoios para dous tipos de proxectos empresariais que teñen un risco de implantación superior ao habitual:

a) Proxectos empresariais de novos emprendedores: a súa característica distintiva fundamental é que deben

estar promovidos por persoas físicas que non teñan desenvolvido unha actividade empresarial nos últimos tres anos. Teñen, por tanto, un risco de implantación superior ao habitual pola falta de experiencia empresarial dos promotores.

b) Proxectos empresariais de novas iniciativas innovadoras: a súa característica distintiva fundamental é a existencia no proxecto de elementos innovadores sustentables a medio/longo prazo como vantaxe competitiva. Teñen, por tanto, un risco de implantación superior ao habitual pola introdución das innovacións propostas.

4.2. Requisitos dos beneficiarios.-Pequenas e medianas empresas segundo a definición da Comisión Europea, feita pública para efectos do Igape mediante Resolución do 27 de decembro de 2004 (DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2005), que exerzan ou teñan intención de exercer a súa actividade económica en Galicia baixo calquera forma de persoa xurídica de obxecto empresarial e que, ademais, cumpran os seguintes requisitos:

4.2.1. Para proxectos empresariais de novos emprendedores:

a) Que o seu capital, descontadas as posibles achegas de entidades de capital risco e investidores privados adscritos a unha rede asimilable ás coñecidas como redes de *business-angels*, se atope maioritariamente participado, directa ou indirectamente, por persoas físicas que non acometesen actividades empresariais nos tres anos anteriores á data de presentación da solicitude. Para estes efectos considérase que non se incumpre este requisito se a única actividade empresarial acometida no devandito período deriva da participación no capital da empresa que desenvolverá o proxecto para o que se solicita a axuda, sempre que esta non tivese iniciado a súa actividade. A participación no capital da empresa de persoas físicas ou xurídicas que si desenvolvesen actividades empresariais nos últimos tres anos non pode exceder dun 20% por persoa.

b) Que polo menos unha das persoas físicas participantes no capital e sen actividade empresarial nos tres últimos anos teña unha dedicación plena ao proxecto, non podendo desempeñar outra actividade por conta allea.

4.2.2. Para proxectos empresariais de novas iniciativas innovadoras: que o seu capital estea participado por persoas físicas ou xurídicas que pretendan acometer un proxecto innovador segundo os criterios establecidos no punto 4.3.2.

4.3. Requisitos do proxecto:

4.3.1. Para os proxectos de novos emprendedores da base 4.2.1.:

-Ter un gasto subvencionable superior a 50.000 € e ata 1.200.000 €.

-Ser considerado viable técnica, económica e financeiramente.

-Que a actividade que se vai desenvolver sexa asignable a algunha das seguintes:

-Extracción, procesamento, transformación ou produción de minerais, produtos enerxéticos ou os seus derivados.

-Industria manufactureira, excluída primeira transformación de producións agrícolas, gandeiras e pesqueiras.

-Actividades de electrónica, biotecnoloxía, robótica, audiovisual, telemática, telecomunicación ou calquera outra de avanzada tecnoloxía.

-Actividades relacionadas cos novos viveiros de emprego referidos no anexo VI.

-Actividades de escasa implantación en Galicia.

-Acadar unha puntuación mínima do 30% nos criterios de avaliación previstos na base 4.4.3.

-Non ter iniciada a súa actividade económica con anterioridade á presentación da solicitude de axuda.

4.3.2. Para os proxectos de novas iniciativas innovadoras da base 4.2.2.:

-Ter un gasto subvencionable superior a 50.000 €.

-Ser considerado viable técnica, económica e financeiramente.

-Obter unha puntuación superior ao 40% na aplicación do seguinte baremo de avaliación da innovación:

1. A innovación en si mesma valorarase ata unha porcentaxe do 60%, na que estarán integrados os seguintes parámetros:

1.1. Orixe da innovación: 40%.

1.2. Obxecto da innovación: 30%.

1.3. Grao do cambio: 30%.

2. A capacidade imitativa da competencia valorarase ata unha porcentaxe do 30%, na que estarán integrados os seguintes parámetros:

2.1. Protección da innovación: 70%.

2.2. Organización de recursos e medios: 30%.

3. A ratio I+D+I/ Recursos financeiros vinculados valorarase ata unha porcentaxe do 10%.

4.4. Subvencións a fondo perdido sobre os gastos e investimentos considerados subvencionables.

4.4.1. Gastos subvencionables.

4.4.1.1. Para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido consideraranse integrados na base subvencionable os conceptos seguintes:

A) Investimentos realizados en:

a) Adquisición dos terreos necesarios para acometer o proxecto, traídas e acometidas de servizos, urbanización e obras exteriores adecuadas ás necesidades do proxecto.

b) Obra civil en: oficinas, laboratorios, servizos sociais e sanitarios do persoal, almacenamento de materias primas, edificios de produción, edificios de servizos industriais, almacenamento de produtos terminados e outras obras vinculadas ao proxecto.

c) Adquisición de inmoables.

d) Bens de equipo: maquinaria de proceso, utensilios, equipos informáticos, moblaxe, instalacións específicas para a actividade subvencionable, elementos de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipo ligados ao proxecto. Nos sectores do transporte e loxístico quedan excluídos os gastos destinados á adquisición de elementos de transporte (activos móbiles).

e) Outros investimentos en activos fixos materiais incluíndo moblaxe.

f) Traballos, estudos de planificación, enxeñaría de proxecto e dirección facultativa.

g) Gastos de establecemento e investimentos en inmovilizado inmaterial: aplicacións informáticas, gastos de investigación e desenvolvemento; concesións administrativas; propiedade industrial e intelectual, podendo incluír licenzas de fabricación, patentes e o canon fixo de franquías no seu primeiro ano.

B) Aproveñamentos e outros gastos de circulante necesarios para o inicio da actividade.

C) Os gastos de alugamento en bens móbiles e inmoables cando polas características do proxecto supoñan unha dificultade inicial para a súa maduración, quedando limitado en todo caso pola súa necesidade e ata un prazo máximo de dous anos. Esta axuda non poderá exceder os límites cuantitativos establecidos polo réxime de *minimis* da Unión Europea. En ningún caso a axuda resultante poderá superar o 55% de subvención neta equivalente calculada sobre os gastos comprendidos nas epígrafes A) e B) anteriores.

4.4.1.2. Para a determinación do importe da base subvencionable, teranse en conta os criterios e módulos de custo máximo subvencionable que poida aprobar o Consello de Dirección do Igape para os distintos conceptos recollidos no punto 4.4.1.1. anterior que, de ser o caso, prevalecerán sobre os seus prezos de adquisición.

4.4.1.3. Salvo polo que respecta ao acondicionamento de locais alugados, os bens obxecto do investimento deberán ser de primeiro uso empresarial e adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes da finalización do prazo concedido para a execución do proxecto (prazo de vixencia), debendo constar no dito momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas.

4.4.1.4. No caso de investimentos en obra civil, os solicitantes estarán obrigados a levantar acta notarial que reflecta de maneira que faga fe en data posterior á presentación da súa solicitude de axuda, a non-iniciación da obra ou do estado de execución desta, acompañada, neste caso, pola valoración obxectiva do investimento executado. Nestes casos, unicamente serán subvencionables aqueles investimentos realizados con posterioridade ao levantamento da citada acta.

4.4.2. Límites do proxecto e subvención.

4.4.2.1. Con carácter xeral, a subvención non superará o 50% dos gastos subvencionables.

4.4.2.2. Dentro da intensidade máxima de axuda, no caso de adquisición de terreos localizados en polígonos de promoción pública que se realice directamente ao organismo público promotor, concederáse unha subvención do 50% do seu prezo. O Consello de Dirección do Igape poderá acordar a superación da porcentaxe do 50% do prezo de adquisición no caso de empresas de nova implantación na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que o interese estratéxico do proxecto así o aconselle.

4.4.3. Criterios de avaliación.

O expediente avaliarase tomando en conta os seguintes criterios para obter a puntuación que sirva de base de cálculo para a concesión da axuda:

a) A creación de emprego con contrato indefinido en relación ao investimento subvencionable: 0-15%.

b) O valor engadido medio xerado pola actividade económica na que o proxecto se vai encadrar: 0 15%.

c) O carácter dinamizador do proxecto para a economía da zona na que se implante: 0 - 30%.

d) O grao de innovación do proxecto: 0 - 30%.

e) A rendibilidade económica prevista do proxecto (ponderada á inversa): 0 - 10%.

4.4.4. Condicións de carácter xeral:

4.4.4.1. Quedan expresamente excluídos os impostos, taxas e demais arbitrios.

4.4.4.2. Serán subvencionables os investimentos e gastos realizados e pagados con posterioridade á presentación da solicitude de axuda e anteriores á data límite de execución do proxecto (prazo de vixencia) fixada na resolución de concesión.

4.4.4.3. Os beneficiarios deberán achegar para o financiamento do proxecto un autofinanciamento de polo menos un 30% das necesidades do proxecto, e que non poderá ser obxecto de axuda ou subvención ningunha. Para os efectos de acreditar o dito autofinanciamento, a resolución de concesión fixará a cifra mínima de capital social para acadar durante o período de vixencia do proxecto.

4.4.4.4. A axuda poderá condicionarse ao mantemento dunha determinada distribución da propiedade da empresa beneficiaria nos supostos en que esta represente un elemento substancial para garantir a viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto e así se estableza na resolución de concesión da axuda.

4.5. Asesoramento e titorías para a implantación do proxecto empresarial.

Segundo as disponibilidades orzamentarias, os beneficiarios das axudas descritos na base 4.2. poderán dispoñer dos servizos de titoría para a implantación de proxectos empresariais, consistentes en:

a) Apoiar os emprendedores nos primeiros pasos na posta en marcha da empresa, especialmente os orientados á xestión e organización dos recursos necesarios para o inicio da actividade.

b) Orientar a actividade e as decisións empresariais durante as primeiras etapas do funcionamento da empresa.

A duración máxima destes servizos poderá acadar ata dous anos máis da establecida como período de vixencia da resolución de concesión da axuda.

Base 5ª.-Iniciativas de difusión.

5.1. Poderán apoiarse con subvencións a fondo perdido iniciativas en materia de difusión da cultura emprendedora, tales como xornadas, seminarios, ciclos de conferencias, congresos, etc. sempre e cando inclúan no seu programa contidos de divulgación específica dos instrumentos e actuacións do Igape no eido da cultura emprendedora na Comunidade Autónoma galega.

5.2. As solicitudes terán que presentarse, segundo instancia do anexo I e acompañadas da documentación sinalada no anexo IV, antes do 30 de outubro do ano natural no que vai ser executada a actividade. Previamente á presentación de solicitude non poderá terse iniciado a actividade ou iniciativa nin calquera tipo de difusión ou divulgación desta.

5.3. As actividades financiáveis ao abeiro desta base deben cumprir os seguintes requisitos mínimos:

a) Ser realizadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Complementar as accións de difusión en materia de cultura emprendedora desenvolvidas polo Igape ou por outros axentes de promoción.

c) Incluír no seu contido a divulgación dos instrumentos e actuacións do Igape no eido da cultura emprendedora.

5.4. Beneficiarios. Entidades sen ánimo de lucro que propoñan unha iniciativa de difusión da cultura emprendedora.

5.5. Conceptos subvencionables. A contía da achega do Igape poderá chegar ata o 80% dos gastos de contratación de relatores, publicidade e difusión e impresión e distribución dos relatorios ou publicacións vinculadas á iniciativa aprobada, sen que en ningún caso supere as seguintes cantidades:

a) Iniciativas de ámbito local ou comarcal: 6.000 euros. Poderán ser subvencionables ata un máximo de 4 convocatorias anuais da mesma iniciativa.

b) Iniciativas de ámbito provincial: 12.000 euros. Poderán ser subvencionables ata un máximo de 2 convocatorias anuais da mesma iniciativa.

c) Iniciativas de ámbito autonómico: 25.000 euros. Unicamente será subvencionable unha convocatoria anual da iniciativa.

As subvencións, de ser o caso, superen o 50% do custo subvencionable outorgaranse cos límites e de conformidade co Regulamento 69/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de *minimis* (DOUE do 13 de xaneiro de 2001).

5.6. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

As propostas avalíaranse tomando en conta os seguintes criterios:

a) O carácter aberto e gratuíto da iniciativa: 10 puntos.

b) A colaboración de universidades ou centros tecnolóxicos: 10 puntos.

c) O grao de madurez na definición das actividades: 0-20 puntos.

d) A repercusión da iniciativa proposta en termos do impacto cualitativo e cuantitativo previsto para ela en relación co seu orzamento: 0-30.

e) O interese e singularidade da iniciativa nos enfoques sobre a cultura emprendedora: 0-30 puntos.

5.7. Prazo de xustificación das accións.

Os beneficiarios terán de prazo ata o 30 de novembro do mesmo ano natural da súa solicitude de axuda para presentaren ao Igape a solicitude de cobramento, segundo anexo VII, e a documentación xustificativa da efectiva execución das iniciativas subvencionadas e dos gastos efectivamente aboados.

Base 6ª.-Tramitación das solicitudes de subvención.

6.1. Solicitude da subvención. As solicitudes presentaranse segundo o modelo que figura como anexo I nas oficinas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ou en calquera das formas previstas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.2. A solicitude irá acompañada de:

a) A documentación, para cada programa referenciada nos anexos II, III ou IV, que deberá presentarse en orixinal ou en copia cotexada.

b) Calquera outra documentación ou información adicional que considere conveniente para unha correcta análise da solicitude.

6.3. Poderase excluír aquela documentación que conste xa actualizada no Igape, debendo o solicitante especificar o número de expediente no que anteriormente foi achegada.

6.4. Nos casos nos que o solicitante xustifique que o inicio da execución do proxecto non admite demora e, non obstante, non poida achegar algunha documentación por non tela expedida o órgano competente, poderase substituír esta pola presentación dun escrito razoado e a acreditación de ter solicitada a dita documentación ante o órgano ou persoa competente para expedila, existindo a obriga de achegala con carácter previo á proposta de resolución ou á súa aceptación cando así se preveña.

6.5. Emenda de defectos. Sen prexuízo do establecido no punto 6.4 anterior, se coa solicitude non se achegase a documentación exixida nestas bases, requirírase o interesado para que nun prazo de 10 días hábiles desde o seguinte ao da recepción do requirimento emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso contrario, se considerará desistido da súa petición, ditándose a correspondente resolución de arquivo, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e cos efectos previstos no artigo 42.1º da dita lei.

Este prazo, cando existan causas xustificadas, poderá ser prorrogado de oficio ou por instancia de parte por un período que non exceda a metade do inicial. O requirimento de documentación suspenderá o prazo para resolver.

6.6. Estudo e avaliación da solicitude. As subvencións previstas na base 4ª e 5ª serán xestionadas polos servizos técnicos do Igape, que remitirán os seus informes a unha comisión de avaliación presidida polo director xeral do Igape e formada por 3 vogais designados por el de entre o persoal técnico do Igape.

O Igape poderá solicitar en calquera momento, durante a tramitación do expediente, calquera outra documentación que considere relevante para os efectos de analizar a solicitude.

6.7. Instruído o procedemento polo órgano xestor competente, e inmediatamente antes de ditar proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados, para que no prazo de 10 días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figure no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que os aducidos polos interesados.

6.8. Concesión.

a) Unha vez avaliadas as solicitudes, o director xeral do Igape elevará a proposta de resolución da comisión de avaliación ao presidente do Igape, que resolverá por delegación do Consello de Dirección.

b) A concesión de subvencións por importe superior a 3.000.000 de euros requirirá a autorización do Consello da Xunta de Galicia.

c) Na resolución de concesión farase constar o importe do gasto subvencionable a xustificar, a contía e porcentaxe da subvención concedida, as condicións e os prazos previstos no proxecto subvencionado, o prazo de vixencia para o cumprimento de todas as condicións da subvención, así como a obriga por parte do receptor da subvención de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análoga da actividade subvencionada, a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e, de ser o caso, pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

d) O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución do expediente será de 6 meses contados desde o día seguinte ao da presentación da súa solicitude. Transcorrido o dito prazo sen ter recaído resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

Base 7ª.-Notificación e aceptación.

7.1. As resolucións de concesión deberán ser aceptadas por escrito polo beneficiario no prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación. No caso contrario, entenderase que o beneficiario renuncia a ela, ditándose resolución neste senso. A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nestas bases e demais disposicións que sexan de aplicación.

7.2. Persoas xurídicas en constitución. Cando a concesión recaia sobre unha persoa xurídica en constitución, na resolución de concesión outorgarase un prazo máximo de 6 meses para que o beneficiario presente a documentación acreditativa da súa constitución e as circunstancias rexistradas, no caso de que non fose presentada anteriormente. O dito prazo poderá ser prorrogado por instancia do beneficiario sempre que existan causas xustificadas. Transcorrido o prazo sinalado ou, de ser o caso, as prórrogas concedidas a este, sen ter presentado a documentación, terase o interesado por decaído nos seus dereitos, ditándose resolución de arquivo.

Base 8ª.-Recursos.

8.1. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nestas bases esgotarán a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto na Lei da xurisdición contencioso-administrativa, se poderá interpoñer contra elas un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da súa notificación.

8.2. Con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer no prazo dun mes desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, recurso potestativo de reposición, que resolverá o Consello de Dirección do Igape.

Base 9ª.-Obrigas dos beneficiarios.

9.1. Son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 78.4º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as establecidas no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e en particular:

a) Executar o proxecto subvencionado dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, nestas bases ou demais normativa de aplicación. Excepcionalmente, en casos xustificadas, os prazos poderán ser prorrogados de oficio ou por instancia do interesado.

b) Acreditar ante o Igape a realización do custo subvencionado, achegando toda a documentación xustificativa da realización do proxecto nos termos establecidos na resolución de concesión e o cumprimento das condicións, de ser o caso, impostas. Os custos en que incorren o beneficiario deberán ser xustificadas mediante a presentación de facturas orixinais e xustificantes de pagamento efectivo destas emitidos por entidades financeiras, non admitíndose pagamentos en efectivo, salvo para importes inferiores aos 3.000 € por provedor.

c) Acreditar ante o Igape está ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor destas axudas para obter dos organismos

competentes os certificados de que se está ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas, da Seguridade Social e da Administración pública da comunidade autónoma. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos ao interesado.

d) Afectar os bens subvencionados á actividade subvencionada un mínimo de 5 anos.

e) Cumprir as demais condicións establecidas na resolución de concesión.

f) No caso de cofinanciamento europeo, dar a adecuada publicidade deste, nos termos que resulten da resolución de concesión.

g) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Estas actividades de comprobación poderán ser, entre outras:

-Visitas ás instalacións nas que se realizou o proxecto.

-Acceso a toda a documentación relacionada co proxecto.

-Acceso aos rexistros internos da empresa, nos que se basean as xustificacións técnicas e administrativas.

h) Comunicar ao Igape a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de aboamento da subvención. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do proxecto subvencionado ou as porcentaxes máximas de subvención establecidas para cada programa nas bases 4.4.2.1. e 5.5.

i) Dispoñer, de ser o caso, dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos na resolución de concesión.

j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, isto é, por non ter prescrito o prazo de 5 anos desde o cumprimento de condicións, sen prexuízo dos prazos específicos que se establezan en virtude da normativa da UE no control da aplicación de fondos comunitarios.

k) Adoptar as medidas de difusión da concesión da axuda ou subvención que sexan establecidas na resolución.

l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos nas bases 13ª e 14ª.

9.2. O incumprimento das citadas obrigas poderá dar lugar á revogación da concesión e, de ser o caso, ao reintegro do indebidamente percibido e aos seus xuros de demora.

Base 10ª.-Incidencias e modificacións do proxecto.

10.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

10.2. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que estas foron concedidas. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para o mesmo proxecto.

10.3. O presidente do Igape poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

10.4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente unha vez instruído o correspondente expediente no que se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figure no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aduicidas polos interesados.

10.5. Cando o Consello da Xunta de Galicia autorízase a concesión inicial deberá autorizar igualmente a súa modificación.

Base 11ª.-Xustificación.

11.1. A xustificación ante o Igape da execución do proxecto e do cumprimento de todas as condicións establecidas na resolución de concesión, será realizada polo beneficiario dos programas de axuda da base 4ª, como máximo dentro dos dous meses seguintes ao vencemento do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión para a súa execución. Os beneficiarios das axudas da base 5ª disporán do prazo de xustificación nela establecido.

11.2. En trámite de xustificación deberá acreditarse documentalmente a realización do proxecto subvencionado, mediante a presentación da solicitude de cobramento normalizada, anexo VII, e a documentación en orixinal ou copia cotexada que para tal efecto se especifique na resolución de concesión. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, de ser o caso, poderá comportar a modi-

ficación ou revogación da concesión e o reintegro das cantidades previamente aboadas, nos termos establecidos na base 13ª.

11.3. Cando na resolución de concesión se fixasen prazos parciais para que o beneficiario acredite a execución, como mínimo, dunha determinada porcentaxe do gasto subvencionado ou o cumprimento doutras condicións, o seu incumprimento significará o inicio dun expediente que poderá finalizar coa revogación da axuda.

11.4. No caso de que existan razóns xustificadas para o atraso no cumprimento de condicións, os prazos de execución que se establezan na resolución poderán ser ampliados de oficio ou por instancia do beneficiario mediante resolución expresa e motivada.

11.5. Excepcionalmente, cando a xustificación documental resulte insuficiente para acreditar o importe e a realización de determinados gastos, o Igape poderá solicitar que se achegue informe de auditoría independente.

11.6. Para os efectos de que o Igape expida informe positivo da correcta execución do proxecto será necesario, de ser o caso, a acreditación polo beneficiario de ter obtido as autorizacións administrativas que correspondan ao seu proxecto.

11.7. Sen necesidade de instar procedemento de modificación, o Igape poderá aceptar variacións nos diversos capítulos aprobados, coa condición de que a oscilación, en máis ou en menos, non supere o 20% de cada capítulo, e sen que este proceso resulte un incremento da subvención máxima aprobada.

11.8. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se mantéña vixente e se identifique o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

Base 12ª.-Aboamento das subvencións.

12.1. O aboamento das subvencións realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización total do proxecto e o cumprimento das condicións.

12.2. O cobramento solicitarase como liquidación única da subvención, unha vez cumpridas todas as condicións establecidas na resolución de concesión.

12.3. Así mesmo, poderase efectuar un pagamento único da subvención, dentro do prazo de vixencia, mesmo cando quede pendente de acreditar algunha condición, unha vez xustificada a execución da totalidade do proxecto subvencionado e o cumprimento daquelas condicións cuxo prazo vencese con anterioridade á presentación da solicitud de cobramento. Neste caso, o cobramento da subvención estará condicionado á previa presentación das oportunas garantías. Deberase presentar garantía constituída mediante

aval solidario da entidade financeira ou outra garantía suficiente, depositada na Caixa Xeral de Depósitos, que cubra o importe do pagamento e dos seus xuros calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da súa concesión e polo prazo que medie entre a data de solicitud e, como mínimo, aquela en que se cumpran seis meses do fin do prazo final de vixencia previsto na resolución de concesión. Cando o beneficiario acredite que se cumpriron todas as condicións da resolución de concesión, autorizarase o levantamento do aval.

Base 13ª.-Incumprimento.

13.1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá a revogación da axuda e, de ser o caso, o reintegro total ou parcial da contía percibida e os xuros de demora devengados desde o seu pagamento, nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente segundo os termos contidos nestas bases.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda ou subvención pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade ou regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

e) Incumprimento de adoptar as medidas de difusión que se impuxesen na resolución de concesión.

f) Resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro desempeñadas pola Administración ou calquera dos seus órganos, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea, ou de organismos internacionais.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais casos previstos na normativa reguladora da subvención.

13.2. Igualmente, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións ou doutras entidades públicas ou privadas, supere o custo do proxecto ou as porcentaxes máximas de axuda establecidas nestas bases.

13.3. O procedemento de incumprimento será iniciado de oficio polo órgano do Igape que ditou a resolución de concesión, ben por iniciativa propia, logo de informe dos servizos do Igape competentes na xestión ou liquidación dos expedientes, ben como consecuencia das actuacións de control da Intervención Xeral, por petición razoada doutros órganos que teñan atribuídas facultades de comprobación na materia ou por denuncia, mediante a comunicación ao beneficiario das presuntas causas determinantes do incumprimento e as súas posibles consecuencias. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións ou achegar documentos e outros elementos de xuízo.

13.4. Incumprimento parcial. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión, e, de ser o caso, establecendo a obriga de reintegro do indebidamente percibido e os seus xuros de demora de acordo cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables, debendo, de ser o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50% da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora. Excepcionalmente o Consello de Dirección do Igape poderá autorizar un incumprimento parcial distinto cando as súas causas quedasen suficientemente xustificadas e non se desvirtuase a finalidade da subvención.

b) En caso de que o incumprimento se refira á obtención da subvención por unha contía cuxo importe, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere os topes máximos legalmente permitidos, procederá o reintegro do exceso obtido sobre os ditos topes máximos.

c) Se o incumprimento derivase da inobservancia dalgunha condición ou suposto distinto dos previstos nos puntos anteriores, o seu alcance será determinado en función do grao e da entidade da condición incumprida.

d) A concorrencia de distintas causas de incumprimento ou incidencias dará lugar á aplicación a cada unha delas das regras previstas neste punto.

e) Procederá declarar a revogación total da axuda cando o incumprimento se refira aos requisitos establecidos en cada caso para obter a condición de beneficiario.

13.5. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados que disporán dun prazo de quince días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

13.6. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo de quince días sen contestación por parte do beneficiario, o Igape ditará a resolución que proceda, pronunciándose sobre o alcance do incumprimento e, de ser o caso, a obriga de reintegro das cantidades percibidas.

13.7. O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos sobre incumprimento será de seis meses computados desde o acordo de iniciación. Se pasado o dito prazo non se tivese notificada a resolución entenderase caducado o procedemento, sen prexuízo de que se notifique a resolución declarando a dita circunstancia de caducidade e ordenando o arquivo de actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procedéndose a incoar novo expediente mentres non prescriba o dereito a iso.

13.8. O reintegro voluntario polo interesado, en calquera momento anterior á proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite resolución pola que se declare a dita circunstancia e da iniciación do procedemento sancionador cando os feitos que motivaron o procedemento de reintegro puidesen ser constitutivos de infracción administrativa segundo o establecido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000 que a desenvolve en materia de axudas e subvencións.

13.9. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorreren as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra causa de reintegro.

13.10. As cantidades que se deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Base 14ª.-Incompatibilidade.

14.1. As axudas previstas nestas bases serán incompatibles con aquelas outras reguladas polo Igape agás as axudas ou programas de carácter financeiro: como subsidiación ao tipo de xuro, microcréditos, garantías ou préstamos directos.

14.2. Sen prexuízo dos límites específicos establecidos nestas bases e con carácter xeral estas axudas serán compatibles con calquera outra das establecidas por calquera Administración pública, institución ou ente público, sempre e cando non se superen as porcentaxes máximas establecidas nestas bases para cada programa de axuda.

Base 15ª.-Publicación de concesións.

As axudas concedidas ao abeiro destas bases serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, www.Igape.es, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria.

Base 16ª.-Informes.

Para os efectos de configurar unha base de datos autonómica sobre axudas e subvencións públicas, segundo o establecido na disposición adicional terceira do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, o Igape remitiralle á Consellería de Economía e Facenda a información sobre a xestión das axudas establecidas nestas bases.

Base 17ª.-Restricións ao dereito de acceso a arquivos e rexistros.

En virtude do establecido no artigo 37 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, e co fin da necesaria protección do segredo comercial ou industrial dos solicitantes das axudas reguladas nestas bases, entenderase excluído o dereito de acceso a arquivos e rexistros administrativos respecto do plan de empresa que, de ser o caso, forme parte do expediente, así como daqueles outros documentos que polo seu contido deban ter este mesmo tratamento.

Base 18ª.-Control e comprobación das axudas.

18.1. As axudas establecidas nestas bases poderán ser cofinanciadas co fondo Feder da Unión Europea.

18.2. Sen prexuízo da comprobación material previa ao pagamento da realidade dos gastos subvencionados que proceda, o Igape anualmente elaborará, en coordinación coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, un plan de comprobación de axudas e subvencións cos criterios que para tal efecto se establezan.

18.3. Así mesmo, as empresas beneficiarias sométense ás actuacións de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, as previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas, así como as que poida efectuar, de ser o caso, a Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, no suposto de cofinanciamento das axudas con fondos europeos. Neste sentido os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos ditos organismos.

Base 19ª.-Interpretación.

Correspóndelle ao presidente do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das axudas previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Base 20ª.-Vixencia e créditos dispoñibles.

20.1. Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e terán vixencia indefinida ata que non se publique a súa derogación expresa. Anualmente, e unha vez aprobado o seu orzamento, o Igape publicará a reserva de crédito dispoñible con cargo a estas para cada exercicio orzamentario, limitándose a concesión ás dispoñibilidades orzamentarias.

20.2. Para os apoios establecidos na base 4ª e para o exercicio 2006 o crédito dispoñible ascende a 4.400.000 €, que se aboarán con cargo ás aplicacións orzamentarias 02.02 12/01/01 e 02.02 12/02/01 coa seguinte distribución plurianual:

2006: 900.000 €.

2007: 2.500.000 €.

2008: 1.000.000 €.

20.3. Para os apoios establecidos na base 5ª e para o exercicio 2006 o crédito dispoñible ascende a 25.000 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 01.02 12/03/01 651800.

20.4. O prazo para a presentación de solicitudes pecharase o 31 de decembro de cada ano e no ano seguinte abrírase o día seguinte ao da publicación dos créditos habilitados para atender aos distintos programas. No caso dos expedientes que non puidesen ser resoltos favorablemente por falta de crédito, e unha vez habilitado no exercicio seguinte, os solicitantes poderán reiterar a súa solicitude, computándose a data da primeira solicitude para os efectos de realización das actuacións subvencionables.

Base 21ª.-Silencio administrativo.

As solicitudes que non fosen resoltas nos prazos que para cada caso se establecen nestas bases poderán considerarse desestimadas.

Disposición transitoria

Para os beneficiarios da base 7ª da Resolución do 13 de xullo de 2001 (DOG nº 142, do 23 de xullo) que non teñan, na data de entrada en vigor destas bases, finalizado o período de vixencia dos servizos de apoio do Igape á elaboración do plan de empresa, establécense as seguintes disposicións transitorias:

a) Seguirán desfrutando dos servizos de apoio concedidos e non rematados.

b) Durante un prazo de sete meses desde a entrada en vigor destas bases poderán presentar a súa solicitude sen que lles sexa de aplicación a definición de actividades subvencionables da base 4.3.1.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as bases reguladoras das axudas do Igape para os proxectos emprendedores, feitas públicas mediante Resolución da directora xeral do Igape do 13 de xullo de 2001 (DOG nº 142, do 23 de xullo), sen prexuízo de que as solicitudes pendentes de resolución continuarán a súa tramitación ata a resolución conforme o establecido nelas.

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E FACENDA



PROCEDEMENTO PROGRAMA DE EMPRENDEDORES	CÓDIGO DO PROCEDEIMENTO EC406F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME / RAZÓN SOCIAL / ENTIDADE		DATA DE CONSTITUCIÓN		NIF	
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL (SÓ NO CASO DE PERSOAS XURÍDICAS)					DNI DO REPRESENTANTE LEGAL
DOMICILIO POSTAL DO SOLICITANTE				LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
ACTIVIDADE					

SOLICITUDE PARA (MARCAR SÓ UN RECADRO)

1.- Apoios orientados a facilitar a implantación dun proxecto empresarial – Proxectos empresariais de novos emprendedores (base 4.2.1) – XUNTAR DOCUMENTACIÓN DO ANEXO II

2.- Apoios orientados a facilitar a implantación dun proxecto empresarial – Proxectos empresariais de novas iniciativas innovadoras (base 4.2.2) – XUNTAR DOCUMENTACIÓN DO ANEXO III

3.- Iniciativas de difusión (base 5) – XUNTAR DOCUMENTACIÓN DO ANEXO IV

Ámbito: Local ou comarcal Provincial Autonómico

AUTORIZO o Igape para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda, e da Seguridade Social, a información á que se refire o artigo 78.4º c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.
 DECLARO que os datos desta solicitude son certos e exactos, e AUTORIZO o Igape para que solicite nos rexistros mercantís competentes toda a información acreditativa das circunstancias do solicitante.

Lexislación aplicable:

Bases reguladoras das axudas do Igape para o programa de emprendedores.

_____, de _____ de _____
SINATURA E SELO

D./Dª.: _____
O REPRESENTANTE LEGAL

ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN	
SELO DE REXISTRO DE ENTRADA	
Nº. DE EXPEDIENTE	

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante autoriza expresamente o Igape, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a cederlles os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude a aquelas entidades coas que o Instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo administrativo de San Lázaro, s/n 15703 Santiago de Compostela.

Presidente do Igape

ANEXO II

PROGRAMA EMPREENDEDORES

**APOIOS ORIENTADOS A FACILITAR A IMPLANTACIÓN DUN PROXECTO EMPRESARIAL
DOCUMENTACIÓN PARA PROXECTOS EMPRESARIAIS DE NOVOS EMPREENDEDORES (BASE 4.2.1)**

A documentación deberá presentarse en orixinal ou copia cotexada.

- 1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE ASINADA E DEBIDAMENTE CUBERTA, SEGUNDO MODELO ESTABLECIDO NO ANEXO I.
- 2.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO SOLICITANTE.
 - 2.1.- SOCIEDADES EN CONSTITUCIÓN:
 - 2.1.1.- DNI DOS PROMOTOR/ES.
 - 2.1.2.- CERTIFICADO DO REXISTRO XERAL DE SOCIEDADES MERCANTÍS DA DIRECCIÓN XERAL DOS REXISTROS E DO NOTARIADO DO MINISTERIO DE XUSTIZA, OU DO REXISTRO COMPETENTE, DE NON FIGURAR INSCRITA A FUTURA DENOMINACIÓN SOCIAL DA SOCIEDADE QUE SE VAI CONSTITUIR (NON SERÁ NECESARIO SE A FORMA XURÍDICA PREVISTA É SLNE)
 - 2.1.3 - DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS SEGUNDO MODELO 1 DESTE ANEXO.
 - 2.2.- SOCIEDADES CONSTITUÍDAS:
 - 2.2.1.- CIF DA EMPRESA.
 - 2.2.2.- DNI DO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA QUE ASINA A SOLICITUDE.
 - 2.2.3.- ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E ESTATUTOS DEBIDAMENTE INSCRITOS NO REXISTRO COMPETENTE E MODIFICACIÓNS POSTERIORES DESTES.
 - 2.2.4.- PODER DO REPRESENTANTE QUE PRESENTA A SOLICITUDE INSCRITO, DE SER O CASO, NO REXISTRO COMPETENTE.
 - 2.2.5.- DNI DOS PROMOTORES.
 - 2.2.6.- MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTUACIÓNS DA EMPRESA DESDE A DATA DE CONSTITUCIÓN ATA A DATA DE SOLICITUDE DE AXUDA NO IGAPE, EN RELACIÓN COA IMPLANTACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.
 - 2.2.7.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS SEGUNDO MODELO 2 DESTE ANEXO.
- 3.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CADA UN DOS PROMOTORES DO PROXECTO SOBRE A SÚA ACTIVIDADE EMPRESARIAL PREVIA SEGUNDO MODELO 3 DESTE ANEXO.
- 4.- PLAN DE EMPRESA PARA UN HORIZONTE DE CINCO ANOS, DESCRIBINDO O CONTIDO DETALLADO NO MODELO DO ANEXO V.
- 5.- CURRÍCULUM VITAE DOS PROMOTORES DO PROXECTO, QUE DEBERÁ DESCRIBIR A SÚA EXPERIENCIA, FORMACIÓN E, OPCIONALMENTE, OUTRAS CARACTERÍSTICAS QUE OS PUIDEN HABILITAR PARA O DESENVOLVEMENTO CON ÉXITO DO SEU PROXECTO.
- 6.- COMPROMISO DE ENTIDADES FINANCEIRAS DE FINANCIAR O PROXECTO INVESTIDOR NOS TERMOS REFLECTIDOS NO PUNTO "2. INVESTIMENTOS, FONDO DE MANOBRAS E FINANCIAMENTO DO PROXECTO" DO PLAN DE EMPRESA.
- 7.- CON DATA POSTERIOR Á DA PRESENTACIÓN DA SÚA SOLICITUDE DE AXUDA, E NO CASO DE INVESTIMENTOS EN OBRA CIVIL, OS SOLICITANTES ESTARÁN OBRIGADOS A LEVANTAR ACTA NOTARIAL QUE REFLECTA DE XEITO FIDEDIGNO A NON INICIACIÓN DA OBRA OU O SEU ESTADO DE EXECUCIÓN ACOMPAÑADA, NESTE CASO, POLA VALORACIÓN OBXECTIVA DO INVESTIMENTO EXECUTADO.

ANEXO II

MODELO 1

DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS - EMPRESAS EN CONSTITUCIÓN

D/Dª _____, con DNI nº _____,
en nome e representación da entidade en constitución _____,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a actuación denominada _____ esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	<i>ORGANISMO E ANO</i>	<i>IMPORTE (EUROS)</i>	<i>DISPOSICIÓN REGULADORA</i>
<i>AXUDAS CONCEDIDAS</i>	_____ _____ _____	_____ _____ _____	_____ _____ _____
<i>AXUDAS SOLICITADAS</i>	_____ _____ _____	_____ _____ _____	_____ _____ _____
<i>AXUDAS EN RÉXIME DE MÍNIMIS</i>	_____ _____ _____	_____ _____ _____	_____ _____ _____

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de 200__

(Sinatura e selo da entidade)